

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 9 de outubro de 2006 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversos artigos da Consellería de Cultura e Deporte.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitir o informe favorable pola Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos privados de venda ao público dos obxectos dos museos xestionados por esta consellería que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Relación de obxectos dos que se aproban os prezos privados de venda ao público:

Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela).
Cordóns para teléfono móbil: 1,50 euros.
Tarxeteiro: 6,00 euros.
Caderno pequeno: 7,50 euros.
Caderno grande: 10,00 euros.
Marcapáxinas: 1,00 euros.

Resolución do 9 de outubro de 2006, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inscribe á Asociación D'Amics del Cami de Sant Jaume de Girona no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola *Asociación D'Amics del Cami de Sant Jaume de Girona*, de data do 2 de outubro de 2006.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, emitido de acordo co artigo 23º do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia.

RESOLVO:

Que a *Asociación D'Amics del Cami de Sant Jaume de Girona* quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 168.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2006.

Felipe Arias Vilas
Director xeral de Patrimonio Cultural

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 27 de outubro de 2006 pola que se incrementa o crédito destinado ás subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, convocadas por Resolución do 18 de maio de 2006.

Por resolución do director xeral de Agader, do 18 de maio de 2006, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia e se convocaron as correspondentes para o período 2006-2007 (DOG nº 99, do 25 de maio).

O financiamento das subvencións convocadas para o período 2006-2007 impútase á conta orzamentaria 02.01 02.04.01 656800, para a que está prevista unha dotación máxima de 1.000.000 €, distribuídos por anualidades da forma que segue: 750.000 € da anualidade 2006 e 250.000 € da anualidade 2007.

O punto 8 das bases da convocatoria prevé que, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito inicial destinado para unha convocatoria determinada.

Tendo en conta o elevado número das solicitudes de axuda presentadas e a calidade dunha gran parte dos proxectos, a Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural propuxo ampliar a dotación prevista inicialmente na convocatoria para o período 2006-2007 e, desta forma, dar cobertura financeira a un maior número de proxectos.

Polo que antecede,

RESOLVO:

Incrementar o crédito destinado ás subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galici-